

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 28 DE DECEMBRO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 09:15 horas do día 28 de decembro de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 26 de decembro de 2017, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D^a. María José Caride Estévez

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. Jesús Nuñez Torrón asiste aos puntos 2 a) e 5 a).
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 11)
D^a María Dapena Rodríguez (asiste ao punto 15).

Secretaria: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 18 de decembro de 2017

Deixase pendiente ata unha nova sesión da mesa por falta de quorum para súa aprobación.

b) Acta da sesión do 21 de decembro de 2017

Deixase pendiente ata unha nova sesión da mesa por falta de quorum para súa aprobación.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos de Teleasistencia 2.018 (148.133-301)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co/s licitador/es.

A continuación ábrese o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:45	Páxina 1 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A349-C1D42F-C75CC2-QJSR8B-2UBX2H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:

- Eulen Servizos Sociosanitarios, S.A.

5.- Apertura técnica e económica.

a) Procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos de Teleasistencia 2.018 (148.133-301)

En acto público ábrese o sobre B “Proposta técnica e económica” do licitador presentado e admitido. O licitador presentan un exemplar en formato dixital

O resultado da apertura foi o seguinte:

Licitador	Prezo usuario/mes	Chamadas seguimento
Eulen Servizos Sociosanitarios, S,A,	12,38	non

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

Asiste a apertura Patricia Pérez Núñez, en nome e representación de EULEN.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Carballal (4.859-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSF)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSF)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Carballal (4.859-440)

ANTECEDENTES



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:45	Páxina 2 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A349-C1D42F-C75CC2-QJSR8B-2UBX2H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 21 de decembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe do enxeñeiro municipal de data 15 de decembro de 2017:

1. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Carballal (4.859-440)na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	ORECO, S.A.	97,76
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	96,02
3	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	89,28
4	AN ROD LATEM, S.L.	80,84

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 999,02 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., o día 21 de decembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 27 de decembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de decembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:45	Páxina 3 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A349-C1D42F-C75CC2-QJSR8B-2UBX2H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORECO, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORECO, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 29 de novembro e 18 de decembro de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ORECO, S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Carballal (4.859-440) por un prezo total de 279.340,44 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 48.480,57 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical de desenvolvemento urbano sustentable na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Torrecedeira e Pi Margall (4.860-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:45	Páxina 4 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A349-C1D42F-C75CC2-QJSR8B-2UBX2H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical de desenvolvemento urbano sustentable na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Torrecedeira e Pi Margall (4.860-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 21 de decembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, porque non presentaron xustificación ningunha durante o prazo conferido ao efecto, en cumprimento do disposto no artigo 152 do TRLCSP, segundo o informe do xefe da área de Inversións e do xefe servizo Administrativo e de Control Orzamentario de data 20 de decembro de 2017:

1. **PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.**

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical de desenvolvemento urbano sustentable na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Torrecedeira e Pi Margall (4.860-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	UTE: PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.-COPSESA	90,21
2	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.	89,44
3	HIDROMIÑO S L	88,66
4	CIVIS GLOBAL SL	88,61
5	U.T.E.: C.D.INDEPO S.L.U. - DEMAIN	88,55
6	OGMIOS PROYECTO, S.L.	87,98
7	UTE: XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - ABECONSA, S.L.	87,18
8	SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	86,04
9	MISTURAS, S.A.	83,71
10	EXTRACO, S.A.	83,38
11	COPCISA, S.A.	82,31
12	CONSTRUCTORA SAN JOSE, S.A.	78,93
13	DRAGADOS SA	71,87
14	ORECO S.A	71,07
15	VIAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	47,32

Terceiro.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.-COPSESA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas



administrativas particulares (PCAP).

3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 971,18 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013".

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. e COPSESA, o día 21 de decembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 27 de decembro de 2017, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de decembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. e COPSESA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada pola UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. e COPSESA, de acordo cos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:45	Páxina 6 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A349-C1D42F-C75CC2-QJSR8B-2UBX2H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 12 e 20 de decembro de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. e COPSESA, o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical de desenvolvemento urbano sustentable na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Torrecedeira e Pi Margall (4.860-440) coas seguintes condicións:

- O prezo total do contrato é de 2.060.520,41 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 357.610,98 euros.*
- Comprométese a aportar as seguintes melloras coas características e o importe descritos no Anexo III do prego de cláusulas administrativas particulares:*

Melloras	Nº trimestres ofertados
Mantemento integral do ascensor	6
Mantemento integral das zonas verdes	4

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marqués de Valterra. Fase II (4.838-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:45	Páxina 7 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A349-C1D42F-C75CC2-QJSR8B-2UBX2H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marqués de Valterra. Fase II (4.838-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 21 de decembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, porque non presentaron xustificación ningunha durante o prazo conferido ao efecto, en cumprimento do disposto no artigo 152 do TRLCSP, segundo o informe do xefe da área de Inversións e do xefe servizo Administrativo e de Control Orzamentario de data 20 de decembro de 2017:

1. MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marqués de Valterra. Fase II (4.838-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	97,37
2	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.- CONSTRUCTORA OBRAS PUBLICAS SAN EMETERIO, S.A.	94,26
3	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.	93,35
4	C. D. INDEPO S. L.	89,13
5	ORECO S.A	89,03
6	NAROM, S.L.	88,83
7	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	88,16
8	ORESA SL	87,25
9	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	87,09
10	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	87,01
11	CIVISGLOBAL, S.L.U.	85,01
12	HORDESCON, S.L.	82,63
13	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL	74,90
14	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	75,82

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:45	Páxina 8 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A349-C1D42F-C75CC2-QJSR8B-2UBX2H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- *Requirir ao citado licitador o aboamento de 929,40 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación.*

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., o día 21 de decembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 27 de decembro de 2017, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de decembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 12 e 20 de decembro de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:45	Páxina 9 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A349-C1D42F-C75CC2-QJSR8B-2UBX2H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marqués de Valterra. Fase II (4.838-440) por un prezo total de 652.480,73 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 113.240,46 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Rocío (4.817-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Rocío (4.817-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 14 de decembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Rocío (4.817-440) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:45	Páxina 10 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A349-C1D42F-C75CC2-QJSR8B-2UBX2H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

	Licitadores	Puntuación
1	COVISAM NORTE, S.L.	90,43
2	ORECO, S.A.	89,87
3	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	87,36
4	AN ROD LATEM, S.L.	81,27
5	ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L.	74,71
6	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	64,60

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COVISAM NORTE, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 999,02 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, COVISAM NORTE, S.L., o día 14 de decembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 26 de decembro de 2017, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de decembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar COVISAM NORTE, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:45	Páxina 11 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A349-C1D42F-C75CC2-QJSR8B-2UBX2H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por COVISAM NORTE, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 29 de novembro e 7 de decembro de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do RLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a COVISAM NORTE, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Rocío (4.817-440) por un prezo total de 227.455,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 39.475,80 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

14.- Dar conta da resolución de recursos.

a) Dar conta da resolución do TACRC do recurso presentado contra a adxudicación do contrato da prestación de servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da Concellaría Delegada de Mobilidade e Seguridade, multas de circulación e liquidación de taxas pola retirada e custodia de vehículos do depósito municipal, expediente 16863/541. Desestimado

A Mesa quedan enterada da resolución do TACRC do recurso presentado contra a adxudicación do contrato da prestación de servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da Concellaría Delegada de Mobilidade e Seguridade, multas de circulación e liquidación de taxas pola retirada e custodia de vehículos do depósito municipal, expediente 16863/541

15.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a selección dunha mutua colaboradora



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:45	Páxina 12 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A349-C1D42F-C75CC2-QJSR8B-2UBX2H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

da Seguridade Social (29.766-220)

FREMAP MUTUA DE ACCIDENTES DE TRABAJO Y ENFERMEDADES PROFESIONALES, en calidade de primeiro clasificado no procedemento aberto para a selección dunha mutua colaboradora da Seguridade Social, presentou a documentación requirida para ser seleccionada para asinar un convenio de asociación con este Concello, en data 29 de novembro de 2017, con excepción da garantía definitiva. Entre esta documentación presenta un escrito no que manifesta que non está obrigada a constituíla por canto xa ten depositado a fianza esixida no artigo 19 do Real Decreto 1993/1995 de 7 de decembro.

Infórmase de que non está exento da constitución da garantía definitiva esixida na cláusula 20.2 do prego de cláusulas administrativas particulares para a selección dunha mutua colaboradora da Seguridade Social (en adiante PCAP) polo feito de ter depositado na Caixa Xeral de Depósitos a fianza prevista no artigo 19 do Real Decreto 1993/1995. Esta garantía exíxese ás Mutuas, para constituírse e colaborar na xestión da Seguridade Social, e responde do cumprimento das súas obrigas coa mesma, nos termos establecidos en devandito Regulamento. Garantía que só se devolverá en caso de disolución e liquidación da entidade, e sempre que non exista ningunha responsabilidade pendente que poida afectala.

A garantía esixida no PCAP prevese para responder das obrigas relacionadas co cumprimento do convenio de asociación a celebrar con este Concello. Neste, ademais das prestacións relacionadas coa xestión da cobertura das prestacións obrigatorias derivadas das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, así como da xestión da prestación económica por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns do persoal do Concello de Vigo e da Xerencia Municipal de Urbanismo, prevéanse outras obrigas a maiores na cláusula 27 do PCAP así como na cláusula 14 como criterios de adxudicación.

De feito, na declaración responsable incluída no sobre A da súa oferta, FREMAP, acepta incondicionalmente os pregos que rexen este procedemento de selección e a posterior execución do convenio. E se ben non resulta aplicable a este convenio o Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, pode traerse a colación por analogía o previsto no seu artigo 145.1 "As proposicións dos interesados deberán axustarse ao previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade de ditas cláusulas ou condicións, sen salvedade ou reserva algunha".

A desconformidade coa esixencia de garantía definitiva tiña que facerse valer impugnando os pregos durante o prazo de presentación de ofertas. Unha vez presentada a oferta e aceptados os pregos incondicionalmente non é admisible non cumprir os mesmos.

Á vista do exposto, acordase solicitarlle a constitución de garantía definitiva no prazo dos cinco días hábiles seguintes á recepción da presente comunicación. Advérteselle de que en caso de non acreditar en prazo o cumprimento deste requisito considerarase que renuncia ao procedemento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:45	Páxina 13 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A349-C1D42F-C75CC2-QJSR8B-2UBX2H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Non tendo máis asuntos que tratar, o/a presidente/a declara finalizada a sesión ás 10:50 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:45	Páxina 14 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A349-C1D42F-C75CC2-QJSR8B-2UBX2H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		